

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense, informa o seguinte:

1º.- Que con data 18 de xaneiro de 1999 os veciños da comunidade de Laceiras (Carballeda de Avia), solicitan a transformación, da parte que lles afecta, dos consorcios “Serra do Faro e Suído” OR-3080 e “Faro” OR-3130. Que o acordo de solicita-la devandita transformación, foi tomado pola asemblea xeral de comuneiros con data 29 de decembro de 1998.

2º.- Que o 20 de xuño de 1977 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, tomou o acordo de clasificar como veciñal en man común, o monte denominado “Auga Atallada” pertencente ós veciños da comunidade de Laceiras, no Concello de Carballeda de Avia, provincia de Ourense.

3º.- Que o consorcio “Serra do Faro e Suído” OR-3080 foi realizado polo Patrimonio Forestal do Estado, con data 12 de febreiro de 1961. Ten unha superficie segundo plano de 1.111,2 ha., pertencendo 39 ha. ós veciños de Laceiras.

4º.- Que o consorcio “Faro” OR-3130 foi realizado polo Patrimonio Forestal do Estado, con data 16 de decembro de 1965. Ten unha superficie segundo plano de 125 ha., pertencendo integramente á comunidade de Laceiras.

5º.- Que o Convenio que se propón quedaría integrado por 164 ha.; 39 ha. procedentes de OR-3080, e 125 ha. procedentes de OR-3130. Do total da superficie a conveniar 124 ha. atópanse cubertas de matorral, e as 40 ha. restantes están poboadas con pino silvestre en idade de monte bravo.

CONTA DE GASTOS E INGRESOS

O cálculo de gastos e ingresos do novo convenio, realízase mediante a asignación, proporcional á superficie, dos gastos e ingresos xerados en cada un dos consorcios que afectan á comunidade de Laceiras.

Conforme ó disposto na disposición adicional segunda da Lei 13/89 do 10 de outubro da Xunta de Galicia sobre montes veciñais en man común, a débeda existente ata o ano da clasificación (1977) queda condonada.

1º.- Gastos e ingresos xerados no consorcio “Serra do Faro e Suído” OR-3080.

Gastos realizados pola Administración forestal ata o 31 de decembro de 1977
(ano de clasificación do monte veciñal) 9.657.451.-ptas.

Gastos realizados pola Administración Forestal desde o 1 de xaneiro de 1978,
ata o 31 de decembro de 1998 7.024.121.-ptas.

Ingresos obtidos pola Administración Forestal ata o 31 de decembro de 1997
(ano de clasificación do monte veciñal) 0.-ptas.

Ingresos obtidos pola Administración Forestal desde o 1 de xaneiro de 1978 ata
o 31 de decembro de 1998 139.656.-ptas.

2º.- Gastos e ingresos xerados no consorcio “Faro” OR-3130

Gastos realizados pola Administración Forestal ata o 31 de decembro de 1977
(ano de clasificación do monte veciñal) 1.884.354.-ptas.

Gastos realizados pola Administración Forestal desde o 1 de xaneiro de 1978,
ata o 31 de decembro de 1998 8.276.716.-ptas.

Ingresos obtidos pola Administración Forestal ata o 31 de decembro de 1977
(ano de clasificación do monte veciñal) 0.-ptas.

Ingresos obtidos pola Administración Forestal desde o 1 de xaneiro de 1978 ata
o 31 de decembro de 1998 0.-ptas.

3º.- Saldo co que se abrirá a conta do novo convenio.

Gastos por traballos realizados pola Admón. en OR-3130	8.276.716.-ptas.
Gastos descontados en convenios anteriores	0.-ptas.
Total gastos pendentes en OR-3130	8.276.716.-ptas.

Gastos procedentes consorcio OR-3130 imputables a Laceiras	
8.276.716.-ptas. x 125,00 ha./125,00 ha.	8.276.716.-ptas.
Gastos de administración 7,85% sobre 8.276.716.-ptas.	649.722.-ptas.
Gastos de gardería 1.480.-ptas./ha. x 125 ha.	185.000.-ptas.
Total gastos procedentes de OR-3130 imputables a 32155158	9.111.438.-ptas.

Ingresos procedentes da participación da Admón. en OR-3130	0.-ptas.
Ingresos descontados en convenios anteriores	0.-ptas.
Total ingresos pendentes en OR-3130	0.-ptas.
Ingresos procedentes consorcio OR-3130 imputables a Laceiras	
<u>0.-ptas. x 125,00 ha./125,00 ha.</u>	<u>0.-ptas.</u>
Total ingresos procedentes de OR-3130 imputables a 32155158	0.-ptas.
Saldo consorcio OR-3130 imputable ó novo convenio 32155158	9.111.438.-ptas.
Gastos por traballos realizados pola Admón. en OR-3080	7.024.121.-ptas.
Gastos descontados no convenio 3215597	- 841.455.-ptas.
Gastos descontados no convenio 32155150	- 465.951.-ptas.
Total gastos pendentes en OR-3080	5.716.715.-ptas.
Gastos procedentes consorcio OR-3080 imputables a Laceiras	
<u>5.716.715.-ptas. x 39,00 ha./1111,20 ha.</u>	<u>200.641.-ptas.</u>
Gastos de administración 7,85% sobre 200.641.-ptas.	15.750.-ptas.
<u>Gastos de gardería 1.580.-ptas./ha. x 39 ha.</u>	<u>61.620.-ptas.</u>
Total gastos procedentes de OR-3080 imputables a 32155158	278.011.-ptas.
Ingresos procedentes da participación da Admón. en OR-3080	139.656.-ptas.
Ingresos descontados no convenio 3215597	- 1.989.-ptas.
Ingresos descontados no convenio 32155150	- 8.213.-ptas.
Total ingresos pendentes en OR-3080	129.454.-ptas.
Ingresos procedentes consorcio OR-3080 imputables a Laceiras	
<u>129.454.-ptas. x 39,00 ha./1111,20ha.</u>	<u>4.543.-ptas.</u>
Total ingresos procedentes de OR-3080 imputables a 32155158	4.543.-ptas.
Saldo consorcio OR-3080 imputable ó novo convenio 32155158	273.468.-ptas.
Saldo inicial conta do novo convenio 32155158	9.384.906.-ptas.

Por todo isto, propoñemos:

PRIMEIRO.- Que se aprobe o Convenio do monte coas seguintes características:

Nome: Auga Atallada.

Nº de elenco: 32155158.

Superficie: 164 ha.

Pertenza: Comunidade Veciñal de Laceiras.

Concello: Carballeda de Avia.

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Xuro sobre o anticipo: 1%

Participación da Comunidade no voo: 70%

Participación da Consellería no voo: 30%

Saldo inicial da conta do novo convenio: 9.384.906.-ptas.

SEGUNDO.- Que no sucesivo o consorcio "Serra do Faro e Suído" OR-3080 teña as seguintes características:

Nome: Serra do Faro e Suído.

Nº de elenco: OR-3080.

Superficie: 1.072,2 ha.

Pertenza: Nieva (240,6 ha.); Abelenda (566,9 ha.); Couso (220,7 ha.); Acebedo (44,0 ha.).


Concello: Avión.

A restar da súa conta de gastos: 200.641.-ptas.

A restar da súa conta de ingresos: 4.543.-ptas.

TERCEIRO.- Que no sucesivo o consorcio "Faro" OR-3130 quede anulado.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 1999
O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIS,



Asdo.: Plácido Baamonde López.



VISTO E PRACE
O DIRECTOR XERAL

Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE.

Visto o expediente de transformación en Convenio de Monte Veciñal en Man Común "Auga Atallada", pertencente ós veciños de Laceiras no Concello de Carballeda de Avia –Ourense–, que se integra por 39 ha. do Consorcio "Serra de Faro e Suído" OR-3080, e 125 ha. do Consorcio "Faro" OR-3130 –consorcio, este último, que se anula–, e á vista dos informes favorables emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Ourense, esta Sección Xurídica entende que procede aproba-lo devandito Convenio, as novas características do Consorcio "Serra do Faro e Suído", OR-3080 e a anulación do Consorcio "Faro" OR-3130 nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, e ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, ó artigo 57 do devandito Real Decreto, así como a Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 1999

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA



Nuria Rodríguez Canabal
Asdo. Nuria Rodríguez Canabal.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola súa Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aproba-lo Convenio do monte coas seguintes características:

Nome: Auga Atallada.
Nº de elenco: 32155158.
Superficie: 164 ha.
Pertenza: Comunidade Veciñal de Laceiras.
Concello: Carballeda de Avia.
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1%
Participación da Comunidade no voo : 70%
Participación da Consellería no voo : 30%
Saldo inicial da conta do novo convenio: 9.384.906.-ptas.

SEGUNDO.- Que no sucesivo o consorcio “Serra do Faro e Suído” OR-3080 teña as seguintes características:


Nome: Serra do Faro e Suído.
Nº de elenco: OR-3080.
Superficie: 1.072,2 ha.
Pertenza: Nieva (240,6 ha.); Abelenda (566,9 ha.); Couso (220,7 ha.); Acebedo (44,0 ha.).
Concello: Avión.
A restar da súa conta de gastos: 200.641.-ptas.
A restar da súa conta de ingresos: 4.543.-ptas.

TERCEIRO.- Que no sucesivo o consorcio “Faro” OR-3130 quede anulado.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de reposición con carácter potestativo perante o Conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 30/92 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-administrativa, ou exercer calquera outro que se estime pertinente.

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 1999

O CONSELLEIRO
(POR ORDE DO 12-01-98)
O SECRETARIO XERAL

A circular official stamp of the Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, is partially visible. Overlaid on it is a large, stylized handwritten signature in black ink. Below the signature, the name 'Asdo. José Luis Aboal García-Tuñón.' is printed.

**ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE
NATURAL.**

C O N V E N I O

N.º	321	55158
-----	-----	-------

En Santiago de Compostela, a 3 de setembro de mil novecentos noventa e nove.

R E U N I D O S

Dunha banda, D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ, Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. ALBINO MENDEZ VAZQUEZ como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común AUGA ATALLADA, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279178, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69184, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas de 12-2-1.961 (OR-3080) Y 16-12-1.965 (OR-3130) para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do abeiro existente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (así que se de non existix)

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a LA COMUNIDAD VECINAL DE LACEIRAS.

e son os que a continuación se describen:

Denominación: AUGA ATALLADA

Termo municipal: CARBALLEDA DE AVIA

Provincia: OURENSE

Situación administrativa e legal CLASIFICADO COMO M.V.M.C. EL 20 DE JUNIO DE 1.977.
AFECTADO POR LOS CONSORCIOS "SIERRA DEL FARO Y SUIDO" OR-3080 Y "FARO" OR-3130.

Límites:

N.: TERMINO MUNICIPAL DE AVION

S.: TERMINO MUNICIPAL DE MELON

L.: M.V.M.C. DE LACEIRAS Y FINCAS PARTICULARES DE LACEIRAS

O.: TERMINOS MUNICIPALES DE AVION Y MELON, Y LIMITE CON LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

Superficie: 164 HAS.

Estado forestal: 40 HAS ARBOLADAS CON PINO SILVESTRE EN ESTADO DE MONTE BRAVO.
124 HAS. CUBIERTAS DE MATORRAL.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: -----

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:
40 HAS.

Sen vexetación arbórea: Servidumes: 124 HAS.

3ª.- O chan continuará pertencendo a LA COMUNIDAD VECINAL DE LACEIRAS.

que achega ó convenio:

a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.

b) Os terreos descritos na cláusula segunda.

~~c) O arborado de súa pertenza existente nestes terreos (a que se non existe) XX~~

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o 50 por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante 50 por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do 1 por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferencia entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: "SIERRA DEL FARO Y SUIDO" OR-3080 (39 HAS.)
"FARO" OR-3130 (125 HAS. TOTAL DEL CONSORCIO).

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o 30 por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o 70 por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

~~Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pendente de incorporación ao chan, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o 30 por cento, e a comunidade propietaria o 70 por cento restante.~~

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Medio Ambiente, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de 30 anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será INO SILVESTRE COMO ESPECIE PRINCIPAL.

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá todas as cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don a Míriam López Areal _____, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común denominado AGUA ATALLADA clasificado en data 20 xuño 1977 a — favor dos veciños de Lacairas, no concello de Carballada de Avia . _____

2.—Que, así mesmo, figura Don Alvino Méndez Vázquez _____, e Don Manuel Fernández Fernández _____, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, ~~deixa~~ desde 9 9 xaneiro 1998 ata o 9 xaneiro 2002. _____

E para que conste, expido a presente certificación en Ourense _____
a 11 de xuño de 1999 _____



Don MANUEL FERNANDEZ FERNANDEZ _____, Secretario de LA JUNTA RECTORA DEL M.V.M.C. AUGA ATALLADA. _____

C E R T I F I C O : Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 29-12-1998 estando designado Don ALBINO MENDEZ VAZQUEZ representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en LACAIRAS _____

a VINTE de MAIO de mil novecientos noventa e NOVE .

O SECRETARIO,

Visto e prace,

Alvino Méndez Vázquez

O PRESIDENTE _____

Manuel Fernández Fernández

Asdo.: ALBINO MENDEZ VAZQUEZ

Asdo.: MANUEL FERNANDEZ FERNANDEZ

Don TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS _____, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio e propón a súa sinatura.



Pol a propiedade,

Alvino Méndez Vázquez

Manuel Fernández Fernández
O CONSELLEIRO
O SECRETARIO XERAL
Asdo.: José Luis Aboal García - Tuñón



O Xefe do Servizo provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense informa do seguinte:

I.- ANTECEDENTES

Con data 23 de maio de 2005, D. Albino Méndez Vázquez, presidente da comunidade de As Laceiras (Carballeda de Avia), asina escrito no que expón que desexan transformar a pastizal unha parte do MVMC dentro do convenio que ten a comunidade coa Administración Forestal, polo que solicita a exclusión de 17 has que é a superficie ocupada polo plano presentado.

O MVMC denominado Auga Atallada, da comunidade de As Laceiras (Carballeda de Avia) foi clasificado o 20 de xuño de 1977.

O convenio denominado "Auga Atallada" con nº de elenco 321/55158, esténdese sobre 164 has e foi aprobado o 3 de setembro de 1999.

Este monte non se encontra integrado no sistema de certificación forestal.

II.- ESTADO FORESTAL

Na zona a excluír o monte encontrase raso, segundo informe do Distrito Ambiental XI.

A parcela a excluír é de 17 has, superficie pequena fronte ás 164 has do convenio, polo que o arborado existente que queda considerase suficiente para responder da débeda xerada polas inversións realizadas no monte e non proceder solicitar á comunidade o abono da parte proporcional da débeda correspondente a citada parcela, máxime cando esta está rasa.

O Convenio que quedaría, unha vez descontada a superficie a excluír, estaría integrado por 147 has.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO
MEDIO RURAL

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Por todo isto, **propoñemos:**

PRIMEIRO.- Que se aprobe a rescisión parcial de 17 has do convenio do monte “Auga Atallada” 321/55158.

SEGUNDO.- Que no sucesivo as características do monte “Auga Atallada” 321/55158, sexan as seguintes:

Nome: Auga Atallada.

Nº de Elenco: 321/55158

Superficie: 147 ha.

Pertenza: Laceiras.

Concello: Carballeda de Avia.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2005

O Subdirector Xeral de Recursos Forestais,



José Luis Chan Rodríguez

Visto e prate
**O Director Xeral de Montes
e Industrias Forestais,**



Tomás Fernández-Couto Juanas.

Excmo. Sr. Conselleiro do Medio Rural.-
Santiago de Compostela.-



Visto o expediente remitido pola Delegación provincial da Consellería en Ourense, relativo á rescisión parcial do convenio con nº de elenco 321/5515 do monte vecinal en man común "AUGA ATALLADA", propiedade da Comunidade vecinal de As Laceiras, Concello de Carballeda de Avia, e cunha superficie actual de 164 has.

Visto o escrito de data 19 de maio de 2004, do Presidente da Comunidade vecinal propietaria do monte "AUGA ATALLADA", no que solicita a rescisión parcial do convenio para a implantación de pastizal.

Visto o informe de data 14 de xullo de 2005 do Servizo de Montes e Industrias Forestais de Ourense, no que se propón o seguinte:

- Que se rescindan 17 has. do convenio do monte "AUGA ATALLADA".
- Que a Comunidade vecinal propietaria non teña que abonar cantidade algunha, xa que o resto da superficie en convenio pode cubrir a totalidade da deuda xenerada pendente.
- Que o convenio pase a afectar no sucesivo a unha superficie de 147 has.

Vistas as disposicións legais de aplicación,

Esta Sección Xurídica INFORMA FAVORABLEMENTE a rescisión parcial do convenio do monte "AUGA ATALLADA", nos termos establecidos no informe do Servizo de Montes e Industrias Forestais de Ourense.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2005.
A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

Asdo.: Mª José Tato Rocha.



Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, e logo dos informes favorables emitidos pola súa sección xurídica e polo xefe do servizo provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a rescisión parcial de 17 has do convenio do monte “Auga Atallada” 321/55158.

SEGUNDO.- Que no sucesivo as características do monte “Auga Atallada” 321/55158, sexan as seguintes:

Nome: Auga Atallada.

Nº de Elenco: 321/55158

Superficie: 147 ha.

Pertenza: Laceiras.

Concello: Carballada de Avia.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercer calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2005

O CONSELLEIRO

P.D. (Orde do 12-08-2005)

O Secretario Xeral,



Alberte Souto Souto
Alberte Souto Souto

**Ilmo. Sr. Director Xeral de Montes e Industrias Forestais. -
Santiago de Compostela.-**